



FICHA DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES MUSICAIS

DATOS DA FORMACIÓN MUSICAL

Nome do grupo

Teléfono

Correo-e

Estilo

Myspace/web/blog

Instrumentos

Maquetas

SI

NON

Que solicitudes?

Ensaios

Formación

Información

Outros

Actuar

Busca grupo

Busca músic@s

DATOS DA/S PERSOA/S SOLICITANTE/S

Nome e apelidos

DNI

Data de nacemento / /

Teléfono

Correo-e

Nome e apelidos

DNI

Data de nacemento / /

Teléfono

Correo-e

DATOS DO/A PAI/NAI/TITOR/TITORA (A CUBRIR NO CASO DE USUARIOS/AS MENORES DE IDADE)

Nome e apelidos

DNI

Teléfono

Acepto as normas establecidas para as actividades musicais da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo. A aceptación das normas, supón a obriga do cumprimento das mesmas.

Autorizo á Concellaría de Xuventude a utilizar as fotografías e as gravacións realizadas durante as súas actividades musicais, con fins divulgativos e promocionais, nos distintos medios de difusión utilizados habitualmente (páxina web, prensa,

Autorizo á Concellaría de Xuventude a incorporar na web www.xuventudevigo.org os datos relativos ao grupo con fins divulgativos e promocionais.

DATA: / /

SINATURA/S:

AVISO LEGAL

No cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal informámoslle que, mediante o recheo do presente formulario, os seus datos quedarán incorporados no ficheiro "Accións da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo" sendo o responsable do mesmo o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo, e que ten como finalidade: 'Obter unha base de datos co obxecto de resolver posteriormente as solicitudes de praza nas mencionadas actividades. Así mesmo, o envío de información de interese xuvenil a aquelas persoas interesadas que deron o seu consentimento'.

A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación oposición dirixíndose á Secretaría Xeral do Concello de Vigo, situado na Praza do Rei, 1 C.P. 36202 VIGO coa Referencia: "Protección de Datos", a través dun escrito asinado ao efecto e axuntando fotocopia do seu DNI. ou chamando ó teléfono 010.

NORMAS DAS ACTIVIDADES MUSICAIS DA CONCELLARÍA DE XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO

As actividades musicais realizadas pola Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo rexeranse polas Normas de Réxime Interno de dita Concellaría.

Algunhas destas normas, concretadas no eido musical, son as seguintes.

1.- COIDAR E FACER UN USO CORRECTO DA INSTALACIÓNS E DO MATERIAL. A Concellaría de Xuventude pon a disposición instalacións, materiais e equipamentos musicais para que todas as mozas e mozos teñan acceso a eles, dentro dun comportamento de mutuo respecto e coidado permanente, polo tanto deben quedar en perfecto estado para o seguinte uso. Deberase advertir ás persoas responsables da actividade sobre calquera dano ou estrago observado. As persoas implicadas asumirán os gastos ocasionados polo mal uso ou abuso.

2.- RESPECTO. Tratar de forma respectuosa aos demais usuarios e usuarias e ás persoas responsables dos diferentes servizos ou actividades, tanto dentro das instalacións propias como en calquera das actividades que se xere interna ou externamente. Este respecto inclúe connotacións físicas, verbais, psicolóxicas, así como unhas condicións mínimas de hixiene.

3.- QUENDAS. Estableceranse unha serie de quendas que cada usuaria ou usuario deberá encargarse de coñecer e cumprir. Non está permitido o intercambio de quendas entre grupos nin a autoxestión das mesmas. A coordinación das actividades realizarase dende a Concellaría.

4.- FALTAS. É necesario avisar con antelación e xustificar as faltas de asistencia a unha actividade. Non asistir sen previo aviso e xustificación suporá a perda do importe (se o houbera) de dita actividade e a aplicación da sanción correspondente.

5.- TRÁMITES. É necesario facerse socio/a, aportando os datos ou documentación requirida, para facer uso das instalacións, servizos e equipamentos musicais.

6.- OBXECTOS PERSOAIS. A Concellaría non se fará responsable do extravío, perda, subtracción ou estrago dos obxectos persoais dos usuarios ou usuarias.

7.- PREZOS. Algunhas das actividades programadas poden levar consigo uns custos. É responsabilidade das persoas usuarias aboar as cantidades establecidas nos tempos marcados.

8.- PUNTUALIDADE. É importante respectar os horarios de entrada e saída da actividade (locais de ensaio, concertos, cursos...) de xeito que as outras persoas usuarias non se vexan prexudicadas.

9.- HÁBITOS SAUDABLES. Non se permite fumar, inxerir bebidas alcohólicas e/ou calquera outra sustancia ilegal dentro das instalacións nin nas actividades da Concellaría. Tampouco se permitirá acudir a estas instalacións ou actividades baixo os efectos dalgunha destas substancias.

10.- PARTICIPAR ACTIVAMENTE. Dende a Concellaría de Xuventude facilitarase o material e persoal axeitado para as actividades musicais propias e potenciarase a participación e a colaboración. Polo tanto, as persoas usuarias das actividades colaborarán na montaxe e recollida do material e equipamento, seguindo as indicacións da/s persoa/s responsable/s de cada actividade.

11.- PUBLICIDADE. A Concellaría de Xuventude encargarse de facer difusión das súas actividades. No caso de querer divulgar algunha destas actividades deberase contar coa autorización da Concellaría, así como asumir as responsabilidades en caso de denuncia por incumprimento da lexislación vixente.

12.- MATERIAL. Os grupos ou solistas deberán aportar os seus instrumentos (agás batería), cables, pedais, baquetas...

O NON CUMPRIMENTO DESTAS NORMAS PODE LEVAR CONSIGO A SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE, OU A NON PARTICIPACIÓN EN EDICIÓNS POSTERIORES DA MESMA ACTIVIDADE.